

## AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DE USO DE IMAXES DE MENORES DE IDADE Curso 2024/25

En virtude do artigo 18.1 da Constitución Española, que recoñece o dereito á propia imaxe, da Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección de dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril do 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPD), e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais,

Dona \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, domicilio en \_\_\_\_\_, e Don \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, domicilio en \_\_\_\_\_, como nai e pai, ou como titor ou titores legais do/a menor ou menores \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_, autorizamos á Xunta Directiva da ANPA C.E.P. Xosé María Brea Segade a:

- 1) fixar a imaxe do/a(s) meu/miña(s) fillo/a(s) mediante fotografías ou vídeos a realizarse durante actividades ordinarias ou complementarias, actividades extraescolares, viaxes culturais, ou calquera outra actividade relacionada coa Asociación na que interveña(n) o/a(s) menor(es), limitándose en todo caso ao ámbito educativo.
- 2) facer uso do material fotográfico e audiovisual recollido para a difusión de actividades e eventos a través do blog e redes sociais da Asociación (Facebook e Instagram); para a elaboración de informes, memorias e proxectos da Asociación, e para creación de documentos e material gráfico impreso como carteis, folletos e manuais.

A ANPA comprométese a que a utilización destas imaxes non suporá en ningún caso un dano á honra e intimidade do/a menor, nin será contraria aos intereses dos/as menores, respectando a normativa en materia de protección de datos, imaxe e protección xurídica do/a menor.

AUTORIZO

NON AUTORIZO

E para que así conste, asino a autorización en Taragoña, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024.

SINATURA\* (nai/titor(a)):

SINATURA\* (pai/titor(a)):

\*Sinatura obrigatoria de ambos proxenitores ou titores legais, excepto nos casos de familia monoparental ou retirada da patria potestade a un dos proxenitores.

---

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, as imaxes tomadas e os datos persoais desta autorización serán incorporados a un ficheiro baixo a responsabilidade da ANPA C.E.P. Xosé María Brea Segade, que poderá tratar os mesmos e empregalos nos termos e coa finalidade fixados neste documento. O destinatario destes datos será o único responsable, sen facer cesión algunha dos mesmos. A base xurídica para o tratamento dos datos é o consentimento expreso prestado ao asinar o presente documento, que poderá ser retirado en calquera momento sen que iso afecte ao lexítimo tratamento realizado ata a data de revogación do consentimento.

As imaxes serán conservadas polo tempo exclusivo para dar cumprimento á finalidade para a que foron tomadas e mentres non prescriban os dereitos que se poidan exercer contra o responsable, salvo norma en contrario.

Os/as socios/as poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación e portabilidade dos datos dirixíndose ao enderezo [anpa.cep.brea.segade@edu.xunta.gal](mailto:anpa.cep.brea.segade@edu.xunta.gal) e indicando o motivo da consulta ou o dereito que se desexa exercer. Tamén se poderá presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.